

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E AMICOS, ASOCIACIÓN PARA A ATENCIÓN E INTEGRACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, AUTISMO, PARÁLISE-DANO CEREBRAL E AS SÚAS FAMILIAS PARA POSIBILITAR O USO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DO ALUMNADO DISCAPACITADO NUN CENTRO EDUCATIVO RADICADO NA PROVINCIA DA CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar con AMICOS, Asociación para a atención e integración de persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise-dano cerebral e as súas familias o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue o curso escolar 2021/2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto posibilitar ao alumnado con distintos tipos de discapacidades que, en virtude de ditame da administración educativa autonómica e por esixencias de carácter académico foi escolarizado en centros privados concertados, a utilización do servizo de comedor escolar e a atención específica e personalizada do mesmo, de acordo coas súas necesidades particulares ao longo do vindeiro curso escolar 2021/2022 no centro da súa titularidade, CEEPR AMICOS, en Ribeira (A Coruña).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de rapaces e rapazas con distintos tipos de discapacidades que, en virtude de ditame da administración educativa autonómica, foron escolarizados en centros privados concertados. Este alumnado, escolarizado por esixencias educativas en centros privados concertados, necesita para asegurar a súa efectiva escolarización, utilizar o servizo de comedor escolar, precisando para o efecto contar cunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades particulares.



Que AMICOS, Asociación para a atención e integración de persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise-dano cerebral e as súas familias é unha entidade sen ánimo de lucro, ten como fin estatutario a defensa dos intereses das persoas discapacitadas, co obxectivo último de acadar a máxima atención social á problemática que presentan, así como lograr a súa propia recuperación, rehabilitación e integración na sociedade, para todo o cal colabora con organismos e entidades relacionados coa problemática das persoas discapacitadas, consciente da necesidade de atención especial e individualizada que requiren estas persoas.

Que ambas as dúas partes están interesadas na mutua colaboración de acordo co establecido no artigo 2.1. e) do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, co fin de facilitar a este alumnado os recursos necesarios que lles permitan ser escolarizados, aínda que sufran calquera tipo de incapacidade, xa sexa permanente ou temporal. A problemática habitual de grandes discapacidades require contar con asociacións especializadas e cunha ampla bagaxe de experiencia, que faciliten unha atención persoal e individualizada derivada do coñecemento práctico das limitacións físicas e psíquicas do alumnado e do control dos protocolos de actuación que se deben aplicar nos casos de urxencia suscitados durante o comedor escolar.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrència pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo de comedor escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela

